

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e dous minutos do día ún de outubro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 17.09.2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 17 de setembro de.2009.

De seguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, do seguinte asunto: "**CONTRATACION DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL E DE ACCESO A INTERNET**", e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto e incluílo na orde do día como punto núm.5.

2.- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA INTEGRACIÓN DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL NO CORPO DA POLICIA LOCAL.

Vista a comunicación remitida pola Dirección Xeral de Administración Local de data 15.09.09 (R.E. 4.960/21.09.09) no senso de que dacordo cun borrador de modificación do Decreto 243/2008, do 16 de outubro que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril de Coordinación de Policias Locais, deberán axustarse ao mesmo as bases da convocatoria para a integración de auxiliares de policía no corpo de policía local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 20.08.2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- Modificar as bases da convocatoria para a integración de auxiliares de policía no corpo de policía local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 20.08.2009, a Xunta de Goberno Local, tal como figura deseguido:

Base novena.

2.- Fase de oposición.

A.5. Exercicio 5.- Proba de coñecemento da lingua galega.

Queda redactada como segue:

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdooos ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Sen embargo ás/aos aspirantes que acrediten, con carácter previo e do xeito normativamente establecido, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

Base décima.

Engádese ao final:

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que se corresponderá coa cualificación da proba de coñecementos, referida ao temario.

Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista no punto 2 do artigo 13 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril de Coordinación de policías locais.

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ Y OTROS S.C. en representación de D. JUAN ROCHA ROMAUS (EXPTE. 116/2009) segundo solicitude de data 28 de xullo de 2009, para a construción de beirado, en Alexandre Boveda nº 9, referencia catastral: 0527309NJ6102N.

A edificación sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano Denso (SU-D) polo PXOM.

A obra consistirá na construción dun bebeirado de cuberta de 20 x 10 cm, entendendo que 20 cm é o voo do elemento, inferior ao máximo de 30 cm fixado no art. 81 do PXOM, relativo a voos: corpos pechados, balcóns, cornixas e beirados.

A obra non suporá incremento de volume nin cambio de estrutura.

Se se precisase colocar andamios na vía pública, deberá solicitar a correspondente licenza de ocupación da vía pública, achegando Estudo de seguridade e saúde de montaxe e desmontaxe de andamios e noeamto oficial de coordinador de seguridade e saúde.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JOSÉ LUIS BOUZA BARREIRO (EXPTE. 123/2009) segundo solicitude de data 12 de agosto de 2009, para reforma de tellado, en Avda. Bello Piñeiro nº 11, referencia catastral: 3719002NJ6131N0005JJ.

A edificación sitúase nun ámbito cualificado como Solo Urbano Semidenso (SU-SD) polo PXOM.

A edificación atópase en situación de fora de ordenación por incumprimento de recuamentos e aliñacións. Por aplicación do art. 222 do PXOM os recuamentos laterais mínimos serán de 3 m. e as aliñacións as definidas polo trazado dos viais en planos.

Por aplicación do art. 49 do PXOM en edificios fóra de ordenación permítense obras de conservación, mantemento e de reforma menor.

As obras non suporán incremento de superficie ou volume, nin obras de cambio de estrutura na edificación, limitándose á colocación de material de revestimento de cuberta.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ Y OTROS S.C. en representación de JUAN ROCHA ROMAUS (EXPTE. 128/2009) segundo solicitude de data 18 de agosto de 2009, para colocación de canos e baixantes e a conexión á rede de pluviais, se prexuízo de ter que obter a autorización para a correspondente acometida, no edificio sito en R/ Alexandre Bóveda nº 9, referencia catastral 0527309NJ6102N.

A edificación sitúase nun ámbito cualificado como Solo Urbano Denso (SU-D) polo PXOM.

A obra consiste na colocación de canos e baixantes e na conexión de augas pluviais á rede de sumidoiro.

Todos os danos observados na vía pública como consecuencia das obras serán reparados polo propietario no prazo máximo de 1 mes unha vez finalizada a obra.

Se se precisase colocar andamios na vía pública, deberá solicitar a correspondente licenza de ocupación da vía pública, achegando Estudo de seguridade e saúde de montaxe e desmontaxe de andamios e noeamto oficial de coordinador de seguridade e saúde.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. JOSÉ M. FERNÁNDEZ SALIDO (EXPTE. 135/2009) segundo solicitude de data 25 de agosto de 2009, para reparación de tellado da vivenda, na Avda. da Gallada nº 21, referencia catastral: 4207014NJ6140N

A edificación sitúase nun ámbito cualificado como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A obra consistirá na reposición de tellas e “emboquillado das mesmas”, o que se entende

é a formación do beirado.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna MARTA MASIP CALMET (EXPTE. 140/2009) segundo solicitude de data 26 de agosto de 2009, para reparación de tellado, en R/ Pedreira nº 12, 1º esq., referencia catastral: 1421022NJ6112S0003LO.

O edificio onde se vai realizar a obra está situado nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM.

O edificio ten división horizontal, pero segundo declaración dos interesados o tellado atópase “deslindado”, polo que a obra afecta só á metade da cubrición do edificio. Enténdese que non precisa autorización de comunidade de propietarios.

A obra consistirá na substitución da tella existente por pranchas de fibrocemento e tella curva.

O edificio atópase fóra de ordenación ao aplicarse unha ordenanza de vivenda unifamiliar (art. 228 do PXOM).

A obra que se pretende realizar enténdese no marco das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.1 do PXOM).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL GARCÍA CAL (EXPTE. 151/2009) segundo solicitude de data 1 de setembro de 2009, para reparación de tellado, en R/ Boado nº 12, referencia catastral: 4115103NJ6141N.

A edificación onde se vai realizar a obra está situada nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM.

A edificación atópase fóra de ordenación por non axustarse ao artigo 229 do PXOM, no relativo á separación mínima de 2 m. a lindeiros.

A obra consistirá na substitución do material de cubrición, colocando pranchas de fibrocemento e tella.

A obra que se pretende realizar enténdese no marco das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.1 do PXOM).

A obra non suporá incrementos de volume nin cambios de estrutura.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

B) RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E CONCESIÓN DE LICENZA (EXPTE. 94/2009)

Tendo en conta o informe do arquitecto do concello de data 04.09.2009, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1. Estimar as alegacións presentadas por D. Juan Ramón Martínez Prados (N.R.E. 4.426/26.08.2009), polos motivos expostos no informe do arquitecto do concello arriba indicado e do que resulta acreditado que o alegante presentada documentación modificada e adaptada á normativa.

2. Conceder, en consecuencia a seguinte licenza de obras:

- **D. JUAN RAMÓN MARTÍNEZ PRADOS (EXPTE. 94/2009)**, segundo solicitude de data 19 de xuño de 2009, para execución de muro de medianeira, entre a súa finca e a de D. Francisco Formoso Carnero, na parcela referencia catastral: 9722025NJ5192S.

A parcela onde se vai realizar o peche está cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

Por aplicación do art. 309 da normativa do PXOM, os peches entre fincas colindantes terán unha altura máxima de 2 m. e non serán opacos en máis de 1 m. de altura, sempre referenciados aos seus colindantes.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

1º.- Tendo en conta o informe desfavorable emitido polo arquitecto do concello, en data 28.08.2009, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado ningunha alegación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda **denegar** a seguinte solicitude de licenza de obras:

- **D. MANUEL GARCÍA CAL (EXPTE. 117/2009)** segundo solicitude de data 31 de xullo de 2009, para cambio de tellado, en Boado nº 12, referencia catastral: 4115103NJ6141N, cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM, polos seguintes motivos:

- *A edificación atópase en situación de **fóra de ordenación** por incumprimento dos recuamentos mínimos a lindeiros. Por aplicación do artigo 229 do PXOM a separación mínima a lindeiros laterais en Solo Urbano de Baixa Densidade será de 2 metros.*
- *As obras para as que se solicita licenza abranguen a colocación de pranchas de fibra cor vermello tella como acabado da cuberta.*
- *Por aplicación do artigo 84 do PXOM de Mugar dos respecto dos materiais de cuberta: “permítense como materiais de acabado das cubertas a pizarra, a tella e a chapa ou paneis metálicos (cobre, zinc, aluminio e aceiro en cor).*
- *O material de acabado proposto non se permite polo PXOM de Mugar dos.*

2º.- Tendo en conta a resolución da autorización autonómica remitida polo Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (N.R.E. 3.966/24.07.2009), en relación coa solicitude de licenza de obras a D. Indalecio Dopico Carnero, para construción de vivenda unifamiliar vinculada a explotación agrícola en O Baño, parcela referencia catastral: Polígono 24, Parcela 81, na que se resolve:

“Denegar a D. Indalecio Dopico Carnero a autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico prevista no artigo 41 da LOUG para a construción de vivenda vinculada a

explotación agrícola, no lugar de Baño, do concello de Mugardos, consonte os fundamentos e consideracións expostos anteriormente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda **denegar** a seguinte licenza de obras:

- D. INDALECIO DOPICO CARNERO (EXPTE. 159B/2006) segundo solicitude de data 30 de agosto de 2006, para construción de vivenda unifamiliar illada vinculada a explotación agrícola, en O Baño, referencia catastral: Polígono 24, Parcela 81, por non obter a autorización autonómica do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

4- LICENZAS DE ACTIVIDADES.

A) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADO A INSTANCIA DE Dña. ANGÉLICA MARÍA GARCÍA VÁZQUEZ PARA APERTURA E FUNCIONAMENTO DE ÓPTICA-PARAFARMACIA EN R/ PETEIRO Nº 1.

Dada conta do expediente 4/2006, que se instrúe a instancia de Dña. Angélica María García Vázquez, de solicitude de licenza municipal para apertura e funcionamento de *ÓPTICA-PARAFARMACIA* a instalar en R/ Peteiro nº 1, desta localidade, dacordo co proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Manuel G. Antón Villamil de data setembro de 2006, visado polo C.O.A.A.T. en data 18.09.2006.

Atendido que durante o trámite de información pública non se ten presentado alegación ningunha, e atendidos así mesmo os informes emitidos pola Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade de data 25.08.2009 e pola arquitecta técnica municipal de data 05.10.2006, obrantes no expediente, e considerando que na tramitación do expediente cumpríronse as disposicións de aplicación e que o emprazamento e medidas correctoras propostas son conformes coa normativa urbanística, ordenanzas municipais e Regulamento de 30 de novembro de 1961 e disposicións concordantes.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a concesión da licenza de actividade á que se refire o expediente.

Segundo.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no art. 33 do referido regulamento.

B) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRAMITADO A INSTANCIA DE Dña. SILVIA CARRÍO MORENO en representación de SYLCADENT S.L. PARA APERTURA E FUNCIONAMENTO DE CLÍNICA DENTAL EN AVDA. DE GALICIA Nº 47-49, 2º D.

Dada conta do expediente 5/2007, que se instrúe a instancia de Dña. Silvia Carrió Moreno en representación de Sylcadent S.L., de solicitude de licenza municipal para apertura

e funcionamento de *CLÍNICA DENTAL* a instalar en Avda. de Galicia nº 47-49, 2º D, desta localidade, dacordo co proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Miguel Rodríguez Paz de data marzo de 2009, visado polo C.O.A.A.T. en data 02.04.2009.

Atendido que durante o trámite de información pública non se ten presentado alegación ningunha, e atendidos así mesmo os informes emitidos pola Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade de data 25.08.2009 e pola arquitecta municipal de data 07.07.2009, obrantes no expediente, e considerando que na tramitación do expediente cumpríronse as disposicións de aplicación e que o emprazamento e medidas correctoras propostas son conformes coa normativa urbanística, ordenanzas municipais e Regulamento de 30 de novembro de 1961 e disposicións concordantes.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a concesión da licenza de actividade á que se refire o expediente.

Segundo.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no art. 33 do referido regulamento.

C) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADO A INSTANCIA DE REPSOL BUTANO S.A. PARA INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO DE ALMACENAMIENTO DE G.L.P. EN R/ MARÍA Nº 32-34-36.

Dada conta do expediente 4B/2008, que se instrúe a instancia de Repsol Butano S.A., de solicitude de licenza municipal de actividade para instalación e funcionamento de Centro de almacenamento de G.L.P. a instalar en R/ María nº 32-34-36, desta localidade, dacordo co proxecto redactado por Dna. Susana Veiga Castro de data maio de 2008, visado polo C.O.E.T.I. en data 13.06.2008.

Atendido que durante o trámite de información pública non se ten presentado alegación ningunha, e atendido así mesmo o informe favorable emitido pola arquitecta municipal en data 08.07.2009, obrante no expediente, e considerando que na tramitación do expediente cumpríronse as disposicións de aplicación e que o emprazamento e medidas correctoras propostas son conformes coa normativa urbanística, ordenanzas municipais e Regulamento de 30 de novembro de 1961 e disposicións concordantes.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a concesión da licenza de actividade á que se refire o expediente.

Segundo.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no art. 33 do referido regulamento.

D) EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ LUIS DOMINGO DOPICO PARA INSTALACIÓN E APERTURA DE TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES EN SAN XOAN.

Visto o expediente tramitado a instancia de D. José Luis Domingo Dopico, que solicita a regulamentaria licenza de actividade para instalación e funcionamento de “*TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES*” nun local sito en San Xoan, ref. catastral: 4997118NJ6049N, deste termo municipal, segundo proxecto de actividade de data marzo 2009, redactado polo enxeñeiro industrial D. Juan Leira González.

Resultando acreditado que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas, segundo o informe da arquitecta municipal, de data 10.09.2009 incorporado ao expediente, e do que resulta acreditado que:

- A actividade inclúese no Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental:
 - 3. *Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos a motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m².*
- A potencia instalada para maquinaria será de 14,9 kW e a superficie do local é de 65,85 m², segundo consta na documentación aportada.
- O taller sitúase nun edificio independente de planta baixa. Corresponde ao uso Garaxe-aparcadoiro e servizos do automóbil, categoría 5ª Talleres de automóbil, regulado nos artigos 106-127 do PXOM.
- O solo no que se sitúa o edificio é Solo de Núcleo Rural.
- O PXOM non prohíbe o uso pretendido. Autorízase o uso garaxe-aparcadoiro e servizos do automóbil na categoría 5ª no artigo 232.
- Estímase que o artigo 125, específico para talleres, cúmprese nas seguintes condicións:
 - O acceso rodado para o taller é o existente, pavimentado e cunha sección de 5 m., realizado por un solo cualificado como Solo Dotacional de Equipamentos.
 - O acceso supera a fronte mínima esixida de 3 m. e a rúa ten unha largura mínima entre aliñacións de 10 m., segundo medición en plano de ordenación, se ben a vía ten unha largura xenérica acotada en 8 m.
- **A actividade cumpre as determinacións do PXOM.**

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza que se solicita para instalación e apertura segundo proxecto de actividade de data marzo 2009, redactado polo enxeñeiro industrial D. Juan Leira González.

Así mesmo non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza do inicio da actividade, para o que deberá presentar:

- ***certificado de fin de obra.*** En particular verificarase o funcionamento da rede de saneamento e da cámara de graxas, e a protección contra incendios (no proxecto indícase que os materiais utilizados son todos clase A1/A2 (antes clase M0) no seu comportamento ante o lume.
- ***certificado de cumprimento acústico por empresa homologada pola administración.***

Os valores de recepción de ruído serán os establecidos na Lei 7/1997 de Protección contra a contaminación acústica.

5.- CONTRATACION DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL E DE ACCESO A INTERNET.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta formulada pola concelleira de facenda e patrimonio en data 25.09.09, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar, pola modalidade de contrato menor, por estar o presuposto dentro dos límites establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público, a prestación do servizo de telefonía fixa, móbil e de acceso a internet á empresa R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., no prezo estimado de 13.345,80 euros/ano, máis IVE.

2º.- Aprobar o gasto, que se repartirá entre as distintas partidas habilitadas para os diversos departamentos municipais.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e doce minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE